

COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN QUE FORMARÁ PARTE DO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR, UN POSTO DE PERSOAL DIRECTIVO DE XERENTE, NA FUNDACIÓN PÚBLICA GALLEGA CENTRO TECNOLÓGICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA (CESGA)

Tal e como se establece no artigo 6 das Bases reguladoras da Convocatoria da Selección para o posto de Xerente da “FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA – CESGA” (en diante Fundación CESGA) o Tribunal de Selección será nomeado mediante Resolución da Presidenta da Fundación CESGA e constituirase unha vez publicada na páxina web da Fundación a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas ao proceso selectivo.

Carmen Cotelo Queijo, en calidade de Presidenta do Padroado da Fundación CESGA,

RESOLVE

1º Nomear o Tribunal de Selección que estará formado polos seguintes membros:

Presidencia: Sabela Pardo Rodríguez, persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1.

Secretaría: Juan Carlos Porrúa Pardal, persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1.

Vogalía: María Dolores Novo Gutiérrez, persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1.

Vogalía: Abelardo Nimo Silva, persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1.

Vogalía: Laura Suárez Fernández, persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1.

Suplente Presidencia: Benito Fernández Rodríguez, persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1.

Suplente Secretaría: D. Carlos Sánchez Vecino, persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1.

Suplentes Vogalías:

Daniel Vázquez Vázquez, persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1.

Enriqueta Vía Leira, persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1.



Esta composición do Tribunal de Selección cumpre os requisitos recollidos no artigo 6 das Bases da convocatoria:

- Todos os membros están en posesión dunha titulación de nivel igual ou superior á esixida para participar no proceso selectivo e están suxeitos ás causas de abstención e recusación previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- A composición do Tribunal procura respectar o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes e queda integrado exclusivamente por persoal con vínculo fixo e estable. En cumprimento do disposto na normativa vixente, exclúese expresamente a participación de persoal eventual, interino ou de designación política.
- Para a válida constitución do Tribunal, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e adopción de acordos, será necesaria a presenza de polo menos a metade dos seus membros, sendo en todo caso imprescindible a asistencia da Presidencia e da Secretaría.
- Para a toma de decisións e demais cuestións relativas ao funcionamento do Tribunal, estarase ao disposto nas Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril de 2007, modificados polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

A efectos de comunicacións e xestión de incidencias, fíxase como sede do Tribunal as oficinas da Fundación CESGA, sitas en Avenida de Vigo, s/n (Campus Universitario Sur) 15705 Santiago de Compostela.

2º As distintas resolucións que se diten ao longo do proceso de selección publicaranse na páxina web <https://www.cesga.es>, no apartado de emprego. A resolución que poña fin ao proceso de selección publicárase no Diario Oficial de Galicia.

3º As actuacións do Tribunal de Selección poderán ser impugnadas polas persoas interesadas no prazo e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

A Presidenta do padroado da Fundación CESGA,
Carmen Cotelo Queijo

